

A rehabilitación integral do CPI Antonio Orza Couto estará rematada a finais de ano

O conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez, e o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, veñen de visitar o CPI Antonio Orza Couto. Unha visita na que estiveron acompañados polo delegado territorial da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, así como gran parte do grupo de Goberno e da dirección do colexio.

Durante o seu percorrido polo centro, Rodríguez comprobou o avance das obras de rehabilitación e indicou o 70% dos traballos xa están rematados e que a previsión é finalizar a actuación a finais de ano. Unha obra que completa un investimento de máis de 1,2 millóns de euros en melloras neste centro desde o ano 2009 e que ten como finalidade mellorar as instalacións do colexio e o confort da comunidade educativa.

A rehabilitación integral do centro trae consigo melloras no edificio Educación Infantil, no edificio de Primaria, no comedor e no patio. Unhas melloras enmarcadas no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, a



O conselleiro de Cultura e o alcalde de Boqueixón visitaron as obras, onde o 70% dos traballos xa están rematados



As obras de alumeado e eficiencia enerxética do edificio de Infantil xa están listas

folla de ruta da Xunta para acadar centros educativos máis innovadores, sostibles e confortables.

En Infantil xa están rema-

tadas as obras interiores de iluminación de alta eficiencia enerxética, falsos teitos e pinturas; mentres que en Primaria están listas tamén

estas pequenas actuacións e, a maiores, as carpinterías e a cuberta. Nos dous edificios o sistema de illamento térmico polo exterior (SATE) está executado a aproximadamente o 40%.

No caso do comedor, xa remataron os traballos nas carpinterías e iluminación e só restaría executar a colocación dos canlóns e o SATE. No patio xa está colocada a estrutura da pérgola, polo que só queda por acometer a súa cubrición e o formigonado. A maiores, renovarase parte do peche dianteiro, colocando unha malla ríxida que mellorará o sistema actual.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
30-out	05-nov	Boqueixón	Campo da Festa
06-nov	12-nov	Codeso / Donas	Campo da Festa
13-nov	26-nov	Oural / Pousada / Sucira	Campo da Festa
27-nov	03-dec	Ledesma	Campo da Festa

Boqueixón conta cunha economía saneada e positiva

O Concello vén de render a Conta Xeral 2022, un documento que, segundo o concelleiro de Facenda, José Manuel Iglesias, “recolle que a economía de Boqueixón ten unha situación saneada e positiva, cun resultado orzamentario positivo de 488.038 €, un remanente de tesourería de 2.195.900 € e unha débeda bancaria cero. É dicir, non lle debemos nin un euro a ningún banco”.

Iglesias explicou que “esta situación permitiunos investir en actuacións para a mellora de servizos e infraestruturas como a cubrición dos parques infantís de Lestedo e Camporrapado, a mellora de estradas como de Ardarís a Rubial ou de Casalpegito á Moa, comprar un punto limpo móbil, mellorar a ruta de sendeirismo entre Donas e Gundián...”.

Concello e Xunta analizan a creación de novos puntos de lecer para a veciñanza

A vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, reuniuse co alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, para analizar posibles vías de colaboración en materia de urbanismo. Así, o rexedor trasladoulle o interese municipal en actuar en varias contornas do municipio de cara a avanzar na súa humanización co obxectivo de recuperalas como punto de encontro e lecer para a veciñanza.

Nese senso, a conselleira lembroulle que o Goberno galego impulsou no



Ovidio Rodeiro, José M. Iglesias e Ángeles Vázquez, na reunión en Santiago

ano 2010 o chamado plan Hurbe, que ten como finalidade axudar ás administracións locais a financiar este tipo de iniciativas que inciden de forma positiva

na calidade de vida da veciñanza. Así, de ratificarse a colaboración, a Xunta financiaría o 70% da obra e o concello asumiría o 30% restante.

Siguen abertas as axudas á natalidade

O Concello lembra que durante todo o ano está aberta a convocatoria de axudas de 400€ por nacemento, acollida ou

adopción de crianzas. As familias teñen que presentar a solicitude cun límite de 15 días naturais contados desde o día se-

guinte do nacemento. Os cartos deberán gastarse en produtos infantís, de hixiene, alimentos... en locais de Boqueixón.



O alcalde pide melloras na AC-261 ao seu paso por Lamas-Boqueixón

O alcalde, Ovidio Rodeiro, reuniuse co director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez Iglesias, para analizar o estado das estradas autonómicas no municipio. Así, solicitoulle melloras na AC-261 ao seu paso por Lamas-Boqueixón.



Colaboración coa Garda Civil para manter a seguridade no municipio

O alcalde, Ovidio Rodeiro, e o concelleiro de Obras Públicas, Manuel Fernández Munín, reuníronse co xefe da Comandancia da Garda Civil na Coruña, o coronel Fernando Pedreira, para analizar asuntos que melloren a boa seguridade do municipio de Boqueixón.

O Concello apoia que a Festa da Filloa sexa de Interese Turístico Nacional

O Pleno do Concello de Boqueixón apoiou por unanimidade a solicitude da Asociación Cultural da Filloa para que a Festa da Filloa de Lestedo sexa declarada de Interese Turístico Nacional. “Estamos seguros de que a Festa da Filloa de Lestedo cumpre cos requisitos necesarios para ser declarada de Interese Turístico Nacional e que así queda acreditado na documentación técnica presentada, que amosa unha vez máis o gran traballo tanto da Asociación como dos veciños e veciñas de Lestedo”, asegura o alcalde, Ovidio Rodeiro.

Así, a Asociación Cultural da Filloa sumará este apoio plenario a toda a documentación recollida nunha memoria explicativa de case 800 páxinas que presentará diante da Secretaría de Estado de Turismo. “Sería un gran éxito para todo Boqueixón



e, sobre todo, para a parroquia de Lestedo”, apunta Ovidio Rodeiro, quen considera que “a Festa da Filloa cumpre con todos os requisitos para ser declarada Festa de Interese Turístico Nacional: antigüidade, continuidade no tempo, arraigo, valor cultural, difusión, accións promocionais”.

A Festa da Filloa de Lestedo celebrou en 2023 a súa edición número corenta, na que congregou no seu Día Grande a milleiros de persoas. Festa de Interese Turístico de Galicia desde o 25 de febreiro de 2008, comparte Día Grande con outra Festa de Interese Turístico de Galicia: os Xenerais da Ulla.

Ademais, cada ano incorpora novos elementos, tales como a Festa da Filloíña ou o Filloa Folk en 2023 ou o concurso fotográfico “Filloarte”, os showcookings ou as degustacións pola contorna, que fan que a programación da Festa da Filloa de Lestedo se alongue máis dunha semana.

Ademais, cada ano incorpora novos elementos, tales como a Festa da Filloíña ou o Filloa Folk en 2023 ou o concurso fotográfico “Filloarte”, os showcookings ou as degustacións pola contorna, que fan que a programación da Festa da Filloa de Lestedo se alongue máis dunha semana.

INTRODUCCIÓN Á LINGUA DE SIGNOS

Obradoiro de iniciación á LSE para maiores de 18 anos

Hora: 17.00h - 20.00h
Lugar: Local Social de Sergude

Inscripción Gratuita
981 51 31 06

Sesións:
15/11/2023
22/11/2023
29/11/2023

Introdución á lingua de signos en Sergude

A Asociación de Persoas Sordas de Santiago e o Concello de Boqueixón organizan un curso de introdución á lingua de signos no local social de Sergude. Unha iniciativa de balde dirixida a persoas maiores de 18 anos e que terá lugar os mércores 15, 22 e 29 de novembro, de 17:00 a 20:00 horas.

Para participar é preciso inscribirse previamente nos Servizos Sociais de Boqueixón: 981 51 31 06.



Iara Iglesias, subcampioa alevín na IX Fase da Categoría Rexional

Iara Iglesias, do Ágora Boqueixón de Patinaxe Artística, vén de conseguir a medalla de prata na IX Fase da Categoría Rexional disputada en Noia o pasado 14 e 15 de outubro. Outra patinadora, a infantil Iria Munín, logrou un meritorio 9º posto tras 6 meses de lesión.



Cen persoas conmemoran o Día do Camiño cunha ruta a Santiago

Un cento de persoas participaron nunha ruta entre o Pico Sacro Boqueixón e a Cidade da Cultura de Galicia organizada polos Concellos de Boqueixón e de Vedra para conmemorar o Día do Camiño. Ademais, puideron coñecer os segredos da Cidade da Cultura e degustar produtos locais antes de volver a casa.

Últimos días para participar no concurso “Paisaxes de Boqueixón”

Ata o vindeiro 15 de novembro estará aberto o prazo de envío de propostas para a novena edición do concurso de fotografía “Paisaxes de Boqueixón”. Un certame aberto ao público en xeral (menores de 18 anos con autorización familiar), que poderá presentar ata 3 fotos tomadas en Boqueixón e que versen sobre a riqueza natural, histórica, cultural ou etnográfica do municipio.

As fotos deberán ser en formato horizontal, cun tamaño mínimo de 2000 x 1500 píxeles. Non se admitirán fotos nas que aparezan persoas. As imaxes entregaranse a través da web www.boqueixon.gal. Haberá 3 premios de 200, 100 e 50 euros en vales de compra en locais de Boqueixón.

O teatro amador máis divertido, os domingos na Casa da Cultura

A Casa da Cultura de Camporrapado acollera nos tres primeiros domingos de novembro, ás 17:30 horas, unha actuación do ciclo de teatro afeccionado BocAberta, organizado polo Concello de Boqueixón en colaboración coa Deputación da Coruña e a Asociación Club de Maiores de Boqueixón. Unhas sesións dirixidas a todos os públicos e cuxa entrada será libre e de balde.

O ciclo comeza o 5 de novembro con «A conexión augardente», do Grupo de Teatro de Maiores do Centro social de Vedra, unha historia de amor, detectives e asasinatos. O 12 de novembro está prevista «O boleto premiado», obra da Asociación Cultural Pedroso (Narón) e o 19 de novembro Andaravía Teatro (Vedra), pechará o ciclo con «Xacovedra».

CICLO DE TEATRO AFECCIONADO

BocAberta

CASA DA CULTURA DE CAMPORRAPADO
DOMINGOS, 17.30 H. - TODOS OS PÚBLICOS

PRESENTA

A CONEXIÓN AUGARDENTE	O BOLETO PREMIADO	XACOVEDRA
5 de novembro	12 de novembro	19 de novembro
GRUPO DE TEATRO DO CENTRO SOCIAL DE VEDRA	ASOCIACIÓN CULTURAL PEDROSO (NARÓN)	ANDARAVÍA TEATRO (VEDRA)

ASOCIACIÓN CLUB DE MAIORES DE BOQUEIXÓN

Deputación DA CORUÑA



Gran acollida das actuacións do ciclo de Teatro de Outono

O variado ciclo Teatro de Outono reuniu a numerosos espectadores na Casa da Cultura. Da premiada “Bernarda” de Malasombra Teatro, á comedia “Conexión Pingüín” de Marcos Orsi, pasando por “Tralalareira”, coa voz de Vero Rilo e o acordeón de Santi Criebeiro.



Contacontos para celebrar o Día Internacional da Biblioteca

O Concello de Boqueixón conmemorou o Día Internacional da Biblioteca cun espectáculo de narración oral de Raquel Queizás: “A maleta da avoa”. Unha trintena de crianzas desfrutaron dos contos nunha actividade incluída no programa Ler Conta Moito.

O Concello inviste algo máis de 40.000 euros nunha nova rozadora

O Concello de Boqueixón vén de incrementar o seu parque municipal de maquinaria coa incorporación dunha nova rozadora, valorada en algo máis de 40.000 euros. Uns cartos financiados pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023.

A nova rozadora lateral profesional de Boqueixón permitirá prestar servizos de limpeza e roza das vías públicas municipais, así como xestionar a biomasa vexetal en lugares públicos de Boqueixón. Conta cun alcance horizontal de



Acto de entrega da nova rozadora ao Concello de Boqueixón

5,5 metros e conta cun sistema de seguridade para salvar obstáculos. De feito, considérase que pola súa estrutura e a súa potencia, este modelo de

rozadora adáptase especialmente ben ás necesidades de concellos e cooperativas, ademais de ofrecer unha garantía de varios anos.

Curso para mellorar a atención a persoas con dano cerebral adquirido

O salón de plenos do Concello de Boqueixón acollerá o curso gratuito "Apoio no fogar para persoas con dano cerebral adquirido", dirixido a persoas coidadoras e/ou profesionais. Unha formación que terá lugar o 13 e 16 de novembro, de 16:00 a 20:00 horas.

Organizado pola Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) e a Escola Galega de Saúde para Cidadáns, conta coa colaboración do Concello de Boqueixón e o Grupo Tragsa. Prazas limitadas, inscricións no teléfono 881 943 148.



Concello de Boqueixón

Lestedo

1º E 3º DOMINGO DE MES



Vén de feira

Rodiño

2º DOMINGO DE MES



PRODUTOS LOCAIS ROUPA ALIMENTACIÓN SEMENTES ARTIGOS PARA O FOGAR
FROITAS E HORTALIZAS PAN E DOCES CALZADO CARNE E EMBUTIDOS CHURROS
POLBO Á FEIRA VIVEIROS COMPLEMENTOS TÉXTILES



NOVOS POSTOS
Descubre unha maior e máis variada oferta



SABOREA BOQUEIXÓN
Restaurantes, bares, polberías, cafeterías...



MERCA EN BOQUEIXÓN
Variedade, calidade e atención personalizada



DESCUBRE BOQUEIXÓN
Pico Sacro, turismo rural, sendeirismo...

O Concello organiza dúas saídas ao Balneario Compostela (Brión)

Os veciños e veciñas de Boqueixón de 65 ou máis anos poderán participar en dúas saídas ao Hotel Balneario Compostela (Brión) que o Concello organiza os próximos martes 28 de novembro e o luns 4 de decembro. O prezo é de 15 euros polo circuito termal e de entre 7 a 10 euros polo bus (dependendo do número de anotacións).

O circuito termal ten unha duración de dúas horas e inclúe piscina de chorros, contracorrentes, jacuzzi, saunas, duchas bitérmicas e de aromas, circuito circulatorio de pernas e tamén unha sala de relax con mármorees quentes.

Máis información e inscricións no Departamento de Servizos Sociais: 981 51 31 06.

Boqueixón investirá máis de 100.000 euros na mellora de oito estradas

O Concello de Boqueixón está a licitar un proxecto de mellora de oito estradas municipais por un importe de 103.194 euros, que será adjudicado nos próximos días. As obras inclúen a mellora con zahorra e tres treitos dun viario en Xiadas, ao que se dotará tamén dunha canalización de 130 metros para a recollida da auga da choiva,

coa colocación de 5 pozos de rexistro e 4 arquetas con sumidoiro.

Tamén se contemplan melloras con tratamento asfáltico semiprofundo en tres viarios en Pazos, Pousada e Carabán, previa reparación de fochancas con grava e rego de selado. Así mesmo, está previsto reparar a capa de rodaxe dunha estrada en Lamas, así como 200 metros ca-

drados de sobreanchos, con 6 centímetros de aglomerado en quente, con posterior pintado de liñas de borde e sinalización horizontal.

O Concello de Boqueixón tamén acometerá a mellora do viario de Ardarís a Cusanca, de 360 metros de lonxitude, cun tratamento asfáltico superficial e rego de selado, previa ampliación do seu ancho, que medrará en medio metro. Tamén se acondicionará con zahorra o viario enoturismo-Pumariño-Corna, mentres que o seu entronque coa estrada mellorarase con 5 centímetros de aglomerado en quente.

Finalmente, o proxecto tamén inclúe a mellora dun viario en Lamas con 6 centímetros de aglomerado en quente así como dos accesos a Corna, onde se colocará tamén un sinal de Stop.

Melloras nos viarios de acceso a Mareque e Noenlle

O Concello de Boqueixón vai investir case 54.000 euros na mellora dos viarios de acceso ás localidades de Mareque e Noenlle, cun aglomerado en quente de 5 centímetros. En Mareque realizarase unha canalización de 275 metros para a recollida da auga da choiva, mentres que en Noenlle colocaranse dúas barreiras de seguridade e sinalización horizontal. Estas actuacións están incluídas no Plan de Mellora de Camiños Rurais 2023-2024, promovido pola Xunta de Galicia.



Gran éxito de organización e participación no I Trofeo Pico Sacro

A primeira edición do Trofeo Pico Sacro de patinaxe, celebrado no pavillón de Lestedo, foi todo un éxito de participación. Un evento organizado polo Club Ágora Boqueixón, en colaboración co Concello, Xunta, Deputación, Eroski Lestedo, Joalper SL e Flor con Arte.



A campaña Galicia sabe a mar visita a Feira de Lestedo

Un dos camións de comida da campaña Galicia sabe a mar da Xunta de Galicia visitou o pasado domingo 1 de outubro a Feira de Lestedo, onde os que se achegaron puideron probar de balde algún dos dez petiscos feitos con produtos do mar certificados.

O Concello avanza na regularización da Feira de Lestedo con 10 novos postos

O Concello de Boqueixón atópase en pleno proceso de regularización do comercio ambulante na Feira de Lestedo. Este proceso ven dado polas baixas entre os vendedores ambulantes, ben por xubilación ben por outros motivos, polo que tamén se están a admitir novas solicitudes de comerciantes interesados.

Así, o Concello actualiza o número de postos e facilita que o mercado poida funcionar plenamente, de forma que a veciñanza de Boqueixón teña á súa disposición unha oferta maior e máis variada, posto que o procedemento permitirá incorporar novos postos ao longo dos próximos meses. De feito, en outubro xa se incorporaron dez novos postos.

As persoas interesadas en conseguir unha autorización para instalar un posto na feira de Lestedo



do poden solicitar información sobre o trámite a realizar no Concello de Boqueixón ou chamando ao teléfono 981 513 061.

A feira-mercado de Lestedo é unha das máis antigas da comarca xa que se celebra dende fai 150 anos. Este mercado, que ten lugar o primeiro e o terceiro de domingo de mes de 09:30 a 15:00 horas, conta cuns 70 postos nos que se poden atopar produtos de alimentación, téxtil, calzado, plantas, etc.

Feira de Rodiño

Por outra banda, compremos lembrar que cada segundo domingo de mes ten lugar en Sergude a Feira de Rodiño, que se desenvolve tamén en horario de de 9:30 a 15:00 horas.

Durante ese tempo, a carballeira de Rodiño énchese con numerosos postos de roupa, froita, embutidos, panadería... Unha ocasión única para mercar e tamén para aproveitar para visitar a hostalería e o comercio local.

Mesa e charla informativa sobre a conduta suicida

O Concello de Boqueixón, a asociación Andaina pro Saúde Mental e o Servizo Galego de Saúde organizan dúas actividades dentro do Programa Integral no ámbito rural para a mellora na detección e intervención en risco de suicidio.

A primeira será unha mesa informativa, que estará emprazada na Feira de Lestedo o domingo 19 de novembro. Nela haberá unha profesional con material informativo para informar á veciñanza sobre os recursos para abordar a conduta suicida.

Uns días despois, o xoves 23 de novembro, a Biblioteca Municipal do Forte acollerá, de 17:00 a 18:30 horas, a charla de sensibilización "Desmontando mitos en torno á conduta suicida". Asistencia libre e de balde.



Cheo total na charla sobre axudas da Xunta para rehabilitar vivendas

O salón de plenos quedou pequeno para acoller a reunión convocada polo Concello para dar a coñecer á veciñanza as axudas que a Xunta vai convocar en 2024 para emendar impactos paisaxísticos e de aforro enerxético. Máis información, chamando ao Concello.

Voluntariado ambiental para reforestar a contorna do Pico Sacro

O alcalde, Ovidio Rodeiro, e o director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, José Luís Chan, participaron na plantación de 26 sobreiras, 12 aciñeiras e 12 bidueiros no Pico Sacro. Unha xornada de voluntariado organizada por Decathlon en colaboración co Concello, a Xunta e as asociacións Ribeirán e Amabul.



A V Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller terá lugar o 11 de novembro

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o sábado 11 de novembro, a partir das 17:00 horas, a V Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller, organizada polo CIM do Concello de Boqueixón en colaboración co Ministerio de Igualdade e ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. A entrada é totalmente libre, se ben é preciso anotarse previamente a través deste formulario: <https://forms.gle/99t6rM1T9sVRbbe9>.

A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde Leis, será a encargada de dar a benvinda ao público asistente, precedida dos acordos do grupo de acordeóns da Asociación



Cultural Mestre Manuel Gacio. A primeira charla, "A realidade da Violencia de Xénero", correrá a cargo de Eva María Vigo, veciña de Brión que ofrecerá a súa testemuña como sobrevivinte á vio-

lencia de xénero, quen estará acompañada de Yolanda Neira, psicóloga do CIM.

Ás 17:50 horas, Cristina Carbajales, directora do CIM, presentará "A realidade da trata con fins de explota-

ción sexual", onde terá lugar a proxección do documental "Chicas Nuevas 24 h", dirixido por Mabel Lozano sobre a compra-venda de mulleres e nenas con fins de explotación sexual. O alcalde Ovidio Rodeiro será o encargado de clausurar a xornada, tras o cal o grupo de acordeóns da AC Mestre Manuel Gacio tocará unha nova peza.

Na entrada da Casa da Cultura estará dispoñible a exposición "Imaxes que falan", mostra creada pola Asemblea do Estudantado de Educación Social en base a fotografías de Agostiño Iglesias; así como un photocall pola igualdade. Máis información: 981 51 30 61 ou cim@boqueixon.com.

AXENDA DO MES DE NOVEMBRO

BocAberta

Ciclo de Teatro

Casa da Cultura de Camporrapado.
Dirixido a un público adulto.
17.30 horas. De balde.
Colabora: Deputación da Coruña.

Domingo
5

"A conexión augardente", Grupo de Teatro do Centro Social de Vedra

Domingo
12

"O boleto premiado", Asociación Cultural Pedroso (Narón)

Domingo
19

"Xacovedra", Andaravía Teatro (Vedra)

Venres
3

Día de Neira Vilas
"Conversas con Xosé M. Lobato"

CPI Antonio Orza Couto.
Alumnado de 4º e 5º de Primaria e de 1º e 2º de ESO

Sábado
11

V Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller

Casa da Cultura de Camporrapado. 17:00 horas.

Luns
13

Curso Apoio no fogar para persoas con DCA

Salón de plenos. 16:00 horas.
Inscripcións: 881 943 148.

Mércores
15

Fin do IX Concurso "Paisaxes de Boqueixón"

Presentación a través da web www.boqueixon.gal.

Mércores
15

Introdución á lingua de signos

Local social de Sergude. 17:00 h.
Inscripcións: 981 51 31 06.

Martes
28

Balneario Compostela

15 € + Bus.
Inscripcións: 981 51 31 06.

e en decembro...

Escena Pequena

Ciclo de Teatro Infantil

Sábados 2, 9 e 16 de decembro.
Casa da Cultura de Camporrapado.
18:00 horas. De balde.
"Bambolina", de Barafunda Animación;
"Ninja" de Teatro Ghazafellos"; e "Elas pintan moito" de Migallas Teatro.

Martes
19

Renovación do DNI

Casa do Concello. Dende 9:00 h.
Previa cita no 981 513 061.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 CIM: 981 513 061 Cultura: 981 513 115 Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com cim@boqueixon.com cultura@boqueixon.com boqueixonturismo@gmail.com